

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

*ANUNCIO do 12 de decembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, de emenda do acceso á documentación incluída no Acordo do 14 de novembro de 2024 polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.*

En relación co Acordo do 14 de novembro de 2024, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael nos concellos de Touro, O Pino e Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L. (DOG núm. 226, do 22 de novembro), advertido un erro na ligazón de descarga da documentación sometida á información pública, indicado no Portal de transparencia e Goberno aberto desta consellería: <https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/explotacions-mineiras>, consistente na imposibilidade de obter o documento denominado «EslA37\_Anexo 35\_CARTOGRAFÍA AMBIENTAL.pdf» incluído na carpeta «4-Estudio ambiental», procédese a incluír no indicado portal a ligazón da que poder descargar o dito documento.

Isto faise público para coñecemento xeral, e ábrese un prazo de trinta (30) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación da presente emenda no *Diario Oficial de Galicia*, durante o cal se somete a información pública o proxecto Cobre San Rafael, declarado como proxecto industrial estratéxico (PIE) polo Acordo do 24 de xuño de 2024, do Consello da Xunta de Galicia, e situado nos termos municipais de Touro, O Pino, Arzúa (A Coruña) e Vila de Cruces (Pontevedra), promovido pola sociedade Cobre San Rafael, S.L.

As posibles alegacións presentaranse durante o prazo de trinta (30) días hábiles sinalado, dirixidas ao director territorial, en calquera das oficinas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A Coruña, 12 de decembro de 2024

O director territorial da Coruña  
P.A. (Artigo 40 do Decreto 140/2024, do 20 de maio;  
DOG núm. 101, do 27 de maio)  
Lourdes Fernández Parajes  
Xefa do Servizo de Industria

